

PESCANOVA

encuesta
matrimonio
homosexual

AXENDA E FOTOS
FESTAS
2004

r.d.l.
narracións
recuperadas

Actualizada: 19:09 h

Galicia Hoxe

Portada | Vivir Hoxe → Galicia → Campus → Sociedade | Política → Galicia → Maré | Deportes |
Comunicación | Opinión | Tempo | Contraportada | verán hoxe | Última hora

MARÉ

Xoves 15 de xullo de 2004

Cartas ó Director**SUPLEMENTOS**

[océano internet](#)
[descubrir](#)
[universidade](#)
[revista das letras](#)
[hoxe venres](#)
[bolboreta](#)
[lecer](#)
[\(sobre\)vivir](#)

CANLES

[manual de estilo](#)
[libros](#)
[musica-concertos](#)
[o debate](#)

SERVICIOS

[web-cams](#)
[buscador-liqazóns](#)

ARQUIVO

[portadas \(pdf\)](#)
[especiais](#)

HEMEROTECA

▶ SETEMBRO ◀

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

▶ AGOSTO ◀

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

EN 'EL CORREO'

[portada](#)
[cine](#)
[arte](#)
[clasificacións fútbol](#)
[horóscopo](#)
[gallego del año](#)
[televisión](#)
[turismo rural](#)
[anuario 2004](#)
[5000 empresas](#)
[agenda comunicación](#)
[315 concellos](#)
[e-mails](#)
[tarifa publicidade](#)



FOTO: Vicky García

Os participantes da Mesa 'Globalización, antiglobalización, historia'

Arranca en Compostela a meirande reunión de historiadores chegados de todo o mundo

'Historia a debate' intenta redefinir a globalización a partir dos procesos de mobilización actuais

Vanessa OliveiralSantiago

A favor ou en contra, a globalización suscita sempre un debate que enfrenta ós seus defensores que a consideran un modelo de prosperidade, cos seus máis aférrimos detractores, que se fan visibles nos procesos de protesta e mobilización. Ante este reto, o III Congreso Internacional 'Historia a Debate', inaugurado onte na Facultade de Xornalismo de Santiago de Compostela, a meirande reunión de historiadores chegados dende todo o mundo, simultaneou o debate encol da historia a través de tres mesas redondas nas que se trataron, a velocidade de vértigo, temas tan controvertidos como a globalización, o retorno á sociedade civil e a reconstrucción do paradigma historiográfico.

Que é a globalización e se debe definirse con ese termo a etapa histórica actual na que se viven procesos de mobilización en contra deste proceso, foi o punto en torno ó que xirou unha desas mesas, que tamén se puido seguir a través da páxina web <http://www.h-debate.com/> e na que actuou como presidente un dos principais e máis críticos economistas políticos do mundo, o norteamericano Andre Gunder Frank, do World History Center de Boston.

A partir de tres bases, a globalización, a antiglobalización e a historia, os diferentes poñentes consideraron necesario situar a globalización como un proceso que, se ben podería parecer que define o momento actual, é froito de toda unha longa historia dende o XIX ata o XXI.

A inadaptación dos problemas

Para o historiador francés Christian Thibon, en comparación coas sociedades rurais que foron capaces de "dixerir a globalización nun proceso de localización", "moitas realidades actuais non teñen a capacidade de adaptarse á globalización porque están bloqueadas con problemas moi importantes como os cambios demográficos." Segundo apuntou o investigador, a globalización ten que verse non só como un proceso económico e social senón tamén cultural, unha faceta pouco estudada na historia internacional. "O maior feito da globalización - concluiu- é que fixa unha ruptura coa historia, unha perda das raíces que se reflexa na imposibilidade de ser dixerida polo imperio dos bárbaros."

Das virtudes da internet ás contradicións de Irak

"É boa ou mala a globalización?",

Neste sentido, o investigador da Universidade de New Yersey, Elpidio Laguna, considerou necesario renomear a globalización nos termos do coñecido como "americanización ou imperialismo americano" que definiu como a "unificación do mundo angloparlante nun proceso que comezou hai 3 séculos".

Pola contra, para o profesor da Universidade Estadual Paulista de Sao Paulo, José Luis Bizelli, a pregunta fundamental é se "os Estados nacionais son capaces de enfrontarse ás diferencias producidas polo capitalismo e ós conflitos internos." "Pode a democracia resistir as políticas de globalización económica?", preguntouse o investigador brasileiro para quen os países de América Latina ven ameazadas as súas democracias pola crise actual do Estado.

O desarraigo e a deshistorización do cidadán local\

O impacto da globalización sobre as especificidades locais ou rexionais foi analizado pola profesora da Universidade 'Simón Rodríguez' de Venezuela, Miriam Meza, como un proceso que provoca "o desarraigo no cidadán común e lesiona as comunidades, deslocalizándoas e deshistorizándoas." Ó ver da investigadora brasileira, "o suxeito vive sen espazo histórico e coa súa identidade lesionada, de xeito que tende a actuar segundo patróns estereotipados."

Da mesma opinión é o historiador canario Juan Manuel Santana para o que esa circunstancia determina que funcionen as "mensaxes inmobiliarias como que vivimos no mellor dos mundos posibles", afirmou Santana. Para o profesor da Universidade de Canarias, como "historiador comprometido", hai que buscar alternativas "para mostrar que todo é o resultado de cambios históricos, desenmascarar as lexitimacións nas que se sustenta o poder, e batallar pola historia para que outro mundo sexa posible", concluiu.

□

preguntábase o profesor Rolando J. González Arias do Instituto Nacional de Antropoloxía e Historia de México e respondía, "trátase dun proceso histórico con virtudes -coma o desenvolvemento tecnolóxico e internet- e contradicións -como a mobilización contra a invasión norteamericana de Irak-, un feito histórico inusitado".



Ante calquera dúbida, comentario ou problema nas páxinas de Galicia Hoxe envíe un e-mail a info@galicia-hoxe.com
[Titularidade e Política de Privacidade](#)

© 2004 www.galicia-hoxe.com Tódolos dereitos reservados. Prohibida a reprodución total ou parcial do contido sen a expresa autorización do propietario.